

ORDE do 21 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento MT809E). Consellería do Medio Ambiente e Cambio Climático. DOG N° 233, 02/12/2025

Obxecto e finalidade

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas afectadas polos **danos causados nos seus cultivos agrícolas polo xabaril**, coa finalidade de compensar estes danos, e proceder á súa convocatoria para o ano 2026.

Será de aplicación aos cultivos agrícolas danados polo xabaril pertencentes a explotacións agrarias situadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

A concesión das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril en cultivos agrícolas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

Persoas beneficiarias

Poderanse acoller a estas axudas:

a) As persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril, **inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga)**.

b) As persoas, físicas ou xurídicas, titulares de **explotacións agrarias de autoconsumo** onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril.

2. O expediente de axudas será único e comprenderá todos os danos producidos polo xabaril a unha mesma persoa beneficiaria antes da colleita.

Os cultivos agrícolas afectados, polos que se solicita a axuda, deberán pertencer a unha persoa, física ou xurídica, inscrita en calquera das seccións en que se organiza o Reaga (explotacións agrarias prioritarias, explotacións agrarias de titularidade compartida, explotacións acollidas ao réxime de venda directa (Sevedei) ou outras explotacións agrarias).

No suposto de cultivos agrícolas afectados destinados ao autoconsumo, a persoa, física ou xurídica, solicitante da axuda deberá acreditar a titularidade da explotación a través de calquera dos medios de proba admitidos en dereito.

Actuacións subvencionables

No prazo máximo de **tres días hábiles desde a produción dos danos** en cultivos agrícolas, as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias e os de autoconsumo deberán poñelo en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático **mediante unha chamada, no horario hábil, ao teléfono 012**

O horario hábil de atención telefónica é das 8.00 ás 20.00 horas, de luns a venres, e das 8.00 ás 17.30, os sábados.

Unha vez rexistrada a denuncia, o persoal da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático **desprazarase ata o lugar dos feitos** para comprobar a existencia dos danos,

despois do cal se poderá facer a colleita ou continuar co cultivo afectado. Esta valoración recollerase nun **informe**.

Ambito temporal

Esta orde comprende as axudas para os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas que se comuniquen desde o **11 de outubro de 2025 ata o 10 de outubro de 2026**.

Contía da axuda

O baremo utilizado para o pagamento de axudas será o seguinte:

Baremo utilizado para o pagamento de axudas para paliar os danos producidos polo xabaril en cultivos agrícolas

Tipo de cultivo		Importe por m2
Código	Descrición	€/m2
MIG	Millo en gran	0,19
MIF	Millo forraxeiro	0,29
TRI	Trigo	0,14
CEN	Centeo	0,14
AVE	Avea	0,14
PRA	Pradeira	0,14
PAT	Pataca	0,51
FRU	Froiteiras (incluída a vide)	3,72
HO1	Hortalizas 1 (cenoria, repolo e nabo)	0,79
HO2	Hortalizas 2 (coliflor, tomate, berenxena, cabaciña, cebola, feixón verde, leituga, pemento e allo porro)	2,1
VID	Uva	3,63

O **importe máximo** por persoa beneficiaria establécese en **2.750 €**

Prazo de presentación das solicitudes de axuda

- Para os danos comunicados entre o 11 de outubro de 2025 e o 3 de decembro de 2025, o prazo de presentación será dende o **3 de decembro de 2025 ao 3 de xaneiro de 2026**.
- Para os danos comunicados despois do 3 de decembro de 2025, o prazo de presentación da solicitude de axuda será **dun mes contado desde o día seguinte ao da comunicación** do dano ao teléfono 012.